

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA, E XUVENTUDE E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A INTEGRACIÓN E DIFUSIÓN NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA DOS RECURSOS DIXITAIS PROCEDENTES DO ESCANEO E TRATAMENTO BIBLIOGRÁFICO DO *BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE OURENSE*.

MEMORIA DIXITAL

O director xeral de Cultura e referido ao convenio que se pretende formalizar entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación de Ourense,

DECLARA:

Que o período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período máximo dun (1) ano.

Que o seu obxecto é a incorporación de recursos dixitais accesibles procedentes da dixitalización sistemática e da asignación de metadatos da publicación *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* a Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxectivo referido.

Que se basea na seguinte fundamentación xurídica:

- De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o interese social das mesmas, xa que a Deputación de Ourense é a única titular dos dereitos de difusión dos números do *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* que se van a incorporar a Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia así como a propietaria dos obxectos dixitais e metadatos asociados necesarios para a importación ao repositorio.
- Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector Público* ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





Polo exposto, e a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende facer, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Cultura
Anxo M. Lorenzo Suárez

